



LIFE Lugo + Biodinámico

Na vangarda do urbanismo sostible



**Arboretum
de especies
leñosas
autóctonas**



LIFE Lugo + Biodinámico


Na vangarda do urbanismo **sostible**

LIFE Lugo + Biodinámico é un proxecto europeo impulsado polo Concello de Lugo, pioneiro na planificación ecosostible en cidades de tamaño medio, aproveitando o uso de recursos naturais propios e potenciando a economía verde. Entre as medidas a desenvolver figuran a construción do primeiro edificio público levantado con madeira de Galicia, o deseño do primeiro barrio multiecolóxico de España e a elaboración dun catálogo de solucións urbanísticas sostibles, exportable a outras cidades europeas.

Ademais, crearanse espazos divulgativos para a comunidade científica e a sociedade en xeral con plantacións de especies arbóreas e arbustos autóctonos que sexan demostrativos do seu potencial para o desenvolvemento do urbanismo sostible.



Un **Arboretum** defínese como unha plantación de árbores e outras plantas leñosas destinadas a fins científicos (como o estudo do seu crecemento, da súa adaptación ao clima e ao solo, a mellora da biodiversidade, da paisaxe) e didácticos (zona de observación e coñecemento de especies, disfrute e contemplación).





No polígono industrial das Gándaras (Lugo), estableceuse no ano 2018 un Arboretum de especies leñosas autóctonas con fins educativos, culturais, paisaxísticos, de mellora da biodiversidade, protectores e recreativos.


O Arboretum das Gándaras ocupa unha superficie aproximada de 5 ha e nel pódense identificar máis de 55 especies diferentes de árbores e arbustos autóctonos

A distribución das plantas simula 8 bosques galegos diferentes, ordenados cun criterio altitudinal.



Fases do establecemento da plantación

1. Roza mecanizada
2. Aburatado
3. Plantación
4. Colocación mulching de casca de piñeiro
5. Colocación protectores



1



2



3



4



5



Os diferentes tipos de bosques galegos representados no Arboretum

Un **Bosque de Ribeira**, no que se mesturan salgueiros, chopos, freixos, ulmeiros, abeleiras, lodoeiros...

No Arboretum podemos contemplar un bosque de ribeira natural da zona e a plantación de especies de este tipo de bosques.

Un **Cerqueiral**, dominado pola presenza do cerquiño (*Quercus pyrenaica*) e no que podemos atopar ademais castiñeiros, serbais, uces...



Uz

Un **Bosque Mediterráneo**, onde a carrasca (*Quercus ilex* subsp. *ballota*) e a sobreira (*Quercus suber*) conviven con sanguños, acivros, érbedos, escornacabras, estevas, loureiros...



Acivro

Unha **Carballeira de Carballo Pedunculado**, onde o carballo común (*Quercus robur*) convive con freixos, cerdeiras, bidueiros, castiñeiros, acivros, loureiros...



Carballo

Unha **Carballería de Carballo Albar**, dominada pola presenza do carballo albariño (*Quercus petraea*) e na que se atopan ademais pradairos, faias, sanguíño, etc.

Un **Faial**, no que as faias (*Fagus sylvatica*) se acompañan de acivros, teixos, capudres...

Un **Bosque Mixto**, coa presenza de abeleiras, freixos, cerdeiras, carballos, ulmeiros, sabugueiros...



Faia

Un **Bidueiral de terras altas**, onde os bidueiros (*Betula pubescens*) se mesturan con cerdeiras, capudres, acivros, paleiros, uces...

Outras áreas

No Arboretum podemos tamén atopar especies de **Matogueira** que son hábitats de pequenos mamíferos e diferentes paxaros, con especies como toxos (*Ulex* spp.) e xestas (*Cytisus* spp.).

Inclúe ademais unha zona de **plantas aromáticas** onde disfrutar da aromaterapia que nos ofrecen especies como o romeu (*Rosmarinus officinalis*), a sarxa (*Salvia officinalis*), o xilmalbeira (*Ruscus aculeatus*), o loureiro (*Laurus nobilis*), tomiños (*Thymus* spp.), entre outras.

Itinerario recomendado e sinalización

No noso percorrido a través do Arboretum das Gándaras atoparemos diferentes tipos de paneis e etiquetas que nos guiarán e facilitarán o coñecemento e a identificación dos diferentes bosques representados e das especies dos mesmos que forman parte do Arboretum.



As formacións vexetais representadas

Zonificación:

- 1 Bosque mediterráneo.
- 2 Cerqueiral.
- 3 Bosque de ribeira plantado.
- 4 Plantas aromáticas.
- 5 Bosque de ribeira natural.
- 6 Carballeira de carballo pedunculado.
- 7 Carballeira de carballo albar.
- 8 Faial.
- 9 Bosque mixto.
- 10 Bidueiral.
- 11 Matogueira.

1. Panel indicador

Existen dous paneis indicadores ao inicio e ao final do percorrido recomendado. Estes paneis mostran o plano xeral do Arboretum e a distribución dos diferentes bosquetes establecidos.

2. Mesas de interpretación.

As mesas de interpretación están colocadas ao inicio de cada un dos bosquetes. Describen as características principais do bosque no que nos atopamos e algunha das especies presentes nel. Tamén nos permiten diferenciar o inicio e o fin de cada bosque.

3. Etiquetas identificativas.


A carón de cada exemplar do arboretum atoparemos unha etiqueta identificativa que nos amosa a seguinte información:

Familia	↔	Fagaceae
Nome científico da especie	↔	<i>Fagus</i>
		Faia,
Orixe xeográfica	↔	Centro e oeste de Europa
Bosquete no que nos atopamos	↔	Faial

1. Nome científico: É un nome universal, o mesmo para todo o mundo. Con este nome podemos saber a que planta nos estamos referindo en calquera parte do mundo. O nome científico está formado por dúas palabras latinas:

O xénero: no noso exemplo sería *Fagus*

A especie: no noso exemplo sería *sylvatica*



2. Familia: categoría que agrupa a varios xéneros con características parecidas.

3. O nome común é aquel co que se coñece unha planta nunha determinada parte do mundo polo que pode variar dun lugar a outro.

4. QR: ligazón con información online de cada unha das especies.

Programa de accións



LIFE Lugo + Biodinámico

Na vangarda do urbanismo sostible



ACCIONES DE PLANIFICACIÓN URBANA

-  **C1** Catálogo de solucións de deseño urbano
-  **C2** Plan estratéxico de infraestruturas ecolóxicas: Plan Especial Biodinámico
-  **C3** Planificación detallada de zonas de confort climático residencial (ZCCR)

ACCIONES DEMOSTRATIVAS

-  **C4** Frondosas
-  **C5** Cultivos enerxéticos
-  **C6** Souto de variedades tradicionais
-  **C7** Restauración de humidal - ENIL (Espazo Natural de Interese Local)
-  **C8** Arboretum
-  **C9** Agricultura urbana
-  **C11** Edificio Impulso Verde



Impulsado por:



Concello de Lugo



Financiado por:



Concello de Lugo



DEPUTACIÓN
DE LUGO

Co-financiado pola UE a través do Programa LIFE

Socios:



POLITÉCNICA



lugobiodinamico.eu